

Mestrado universitario en prevención e abordaxe multidisciplinar das drogodependencias e condutas adictivas

O Mestrado universitario en prevención e abordaxe multidisciplinar das drogodependencias e condutas adictivas (90 créditos) é unha formación especializada e interdisciplinar orientada á prevención, avaliación, intervención terapéutica e investigación no ámbito das adiccións. Complementa a formación recibida nas titulacións das ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e ámbitos educativos, proporcionando unha preparación avanzada para actuar en contextos clínicos, sociais, educativos e comunitarios.

A formación impartida permite adquirir unha preparación avanzada e interdisciplinaria no ámbito das drogodependencias e das adiccións do comportamento, integrando coñecementos procedentes da psicopatoloxía, a neuropsicoloxía, a farmacoloxía, a saúde pública, a intervención social e a perspectiva de xénero. O mestrado proporciona competencias especializadas para deseñar, implementar e avaliar programas de prevención e de intervención clínica e terapéutica fundamentados na evidencia científica, así como para desenvolver proxectos de investigación aplicada orientados á análise e ao tratamento integral das adiccións.


A titulación pretende mellorar as competencias profesionais para a abordaxe clínica, prevención, detección e reinserción social das persoas afectadas por condutas adictivas, promovendo unha intervención ética, interdisciplinar e baseada nun enfoque biopsicosocial e de dereitos humanos.

Datos básicos da titulación

Campus: Ourense
Centro: Facultade de Educación e Traballo Social
Área de coñecemento: Ciencias sociais e xurídicas
Lingua de impartición: galego e castelán
Número de créditos: 90 ECTS
Duración: 2 anos
Número de prazas: 20 (10 UVigo e 10 USC)
Modalidade: presencial

Máis información

Web: mpdca.webs.uvigo.es
E-mail: isorna.catoira@uvigo.gal
mpdca@uvigo.gal
Tel.: +34 988 387 101



UniversidadeVigo

Facultade de Educación
e Traballo Social

Tel.: +34 988 387 101
fets@uvigo.gal
fcee.uvigo.es/gl/

uvigo.gal

UniversidadeVigo

Facultade de Educación
e Traballo Social

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



Profesorado

O cadro docente do mestrado está formado por profesorado universitario da USC e da UVigo, principalmente, pero tamén doutras universidades, profesionais especialistas do Sergas e da Consellería de Sanidade no ámbito das drogodependencias, saúde mental e intervención psicosocial, cunha ampla experiencia clínica, docente e investigadora.

Participan profesionais das áreas de medicina, psiquiatría, farmacoloxía, bioloxía, psicoloxía, enfermaría, dereito, economía, traballo social, educación social e ciencias da comunicación. Tamén impartirán docencia profesionais de ONG.

Perfil de ingreso recomendado

- Afinidade alta: tituladas e titulados en medicina, psicoloxía, enfermaría, farmacia, traballo social, educación social e profesionais en activo vinculados á prevención, atención e intervención en drogodependencias, condutas adictivas e saúde mental.
- Afinidade media: pedagogía, dereito, criminoloxía, terapia ocupacional e socioloxía.

A comisión académica do mestrado valorará os méritos de forma individualizada para garantir a idoneidade do perfil do alumnado e a coherencia cos obxectivos formativos do programa.

Complementos formativos

Para os perfís de ingreso non afíns poderán establecerse complementos formativos obrigatorios en función da formación previa do estudiantado. A comisión académica do mestrado determinará a súa necesidade de maneira individualizada, co obxectivo de garantir o correcto aproveitamento da formación e a adquisición dos coñecementos básicos necesarios nas áreas clave do programa.

Prezo

Trátase dun mestrado oficial, polo que os prezos son públicos, aprobados cada curso pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Horarios

As clases presenciais do mestrado impartiranse as tardes dos xoves e venres de 16.00 a 20.00 h e algúns sábados de 10.00 a 14.00 h (horario na web).

Calidade

O mestrado, de carácter oficial, conta co aval do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (Resolución do 18 de xullo de 2025, do Consello de Universidades, en relación coa verificación do plan de estudos conducente ao título oficial de Mestrado universitario en prevención e abordaxe multidisciplinar das drogodependencias e condutas adictivas pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo –3500739–) e pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). A Facultade de Educación e Traballo Social, na que se integra, é un centro certificado Fides-Audit que tamén conta coa certificación institucional.

Plan de estudos

<i>Módulo</i>	<i>Materia</i>	<i>Cuadri- mestre</i>	<i>Carácter</i>	<i>Cr. Totais</i>	<i>Ano</i>
Módulo I: Drogodependencias, condutas adictivas e trastornos mentais: conceptos xerais	Introdución ao estudo das drogodependencias e condutas adictiva	1º	OB	8	1
	As condutas adictivas en España: pasado, presente e futuro. Representacións sociais	1º	OB	8	1
	Epidemioloxía: prevalencia e incidencia das condutas adictivas en España	1º	OB	8	1
	Ideoloxía patriarcal e estereotipos de xénero: a súa relación coas condutas adictiva	1º	OB	8	1
	Neurobioloxía do consumo de drogas e das condutas adictivas	1º	OB	8	1
	Novas adicións e formas de consumo	1º	OB	8	1
	Ideoloxía patriarcal e estereotipos de xénero: a súa relación coas condutas adictiva	1º	OB	8	1
	Aspectos toxicolóxicos, legais e de saúde pública nas drogodependencias	1º	OB	8	1
Módulo II: Bases metodolóxicas da investigación en drogodependencias e condutas adictivas	Custos económicos tanxibles e intanxibles das drogodependencias	1º	OB	8	1
	Introdución á investigación en drogodependencias e condutas adictivas	1º	OB	5	1
	Deseño da investigación	1º	OB	5	1
	Métodos de recollida de datos	1º	OB	5	1
	Análise de datos	1º	OB	5	1
	Interpretación e presentación de resultados	1º	OB	5	1
	Aplicación da investigación no campo das drogodependencias e condutas adictivas	1º	OB	5	1
	Introdución á investigación en drogodependencias e condutas adictivas	1º	OB	9	1
Módulo III: Substancias: descrición, patoloxía e terapéutica	Tabaco: causas, efectos, consecuencias e tratamento	1º	OB	9	1
	Cocaína, psicoestimulantes, drogas de síntese e tratamento	1º	OB	9	1
	Cannabis e cannabinoides e tratamento	1º	OB	9	1
	Abuso de psicofármacos: hipnóticos e ansiolíticos e tratamento	1º	OB	9	1
	Novas substancias psicoactivas, LSD e outros alucinóxenos	1º	OB	9	1
	Opiáceos e os seus derivados e tratamento	1º	OB	9	1
	Xenética e condutas adictivas	1º	OB	9	1
	As condutas adictivas en España: pasado, presente e futuro. Representacións sociais	1º	OB	9	1
Módulo IV: Condutas adictivas, xenética, personalidade e perspectiva de xénero	Muller, condutas adictivas e violencia: unha análise desde a perspectiva de xénero	1º	OB	9	1
	Patoloxía dual e comorbilidade	1º	OB	9	1

<i>Módulo</i>	<i>Materia</i>	<i>Cuadri- mestre</i>	<i>Carácter</i>	<i>Cr. Totais</i>	<i>Ano</i>	
Módulo V: Adicións sen substancia: descrición, patoloxía e terapéutica	Ludopatías e xogos de azar e tratamento	1º	OB	5	1	
	Adicción aos videoxogos e tratamento	1º	OB	5	1	
	Uso problemático de internet e tratamento	1º	OB	5	1	
	Adicción ao sexo e tratamento	1º	OB	5	1	
	Adicción á pornografía e tratamento	1º	OB	5	1	
	Adicción á comida e aos trastornos da conduta alimentaria e tratamento	1º	OB	5	1	
	Módulo VI: Ferramentas profesionais (cómpre seleccionar 20 créditos)	Medios de comunicación e condutas adictivas: prevención a través dos medios de comunicación	2º	OP	5	1
		Técnicas e estratexias para a resolución de conflitos	2º	OP	5	1
Ferramentas de diagnóstico social en traballo social		2º	OP	5	1	
Investigación aplicada ás drogodependencias e condutas adictivas		2º	OP	5	1	
Reinserción social das persoas drogodependentes		2º	OP	5	1	
Módulo VII: Aspectos legais, sociais e preventivos nas drogodependencias e condutas adictivas	Dereito civil e penal	1º	OB	9	2	
	Traballo social e adicións	1º	OB	9	2	
	Medidas e programas preventivos	1º	OB	9	2	
Módulo VIII: Prácticas externas	Trece créditos de prácticas externas en centros dedicados á prevención, tratamento e reinserción de persoas con drogodependencias e condutas adictivas (UAD) ou centros ou ONG subvencionadas pola Consellería de Sanidade. Poderanse recoñecer ata un máximo de 7 créditos por experiencia laboral e profesional relacionada coa materia de Prácticum	1º	OB	13	2	
Módulo IX: Traballo de fin de mestrado (TFM)	Realización dun TFM coa finalidade de comprobar o nivel de dominio dos coñecementos, competencias e habilidades acadadas polo/a estudante. A súa superación é un requisito imprescindible para obter o título oficial. Os TFMs deberán defenderse nun acto público.	2º	OB	8	2	

OB: *obligatoria*
OP: *optativa*